

Acabo de rematar a lectura da última novela de Vargas Llosa, *La Fiesta del Chivo*, mentres o Mediterráneo, libre para os que estamos da banda de aquí, se expande diante dos meus ollos atlánticos e case me molla os pés. Veño tamén de ler unha recensión sobre os diarios de Goebbels, o sinistro personaxe responsábel do Ministerio de Ilustración do Pobo (¡vaiche boa!) e Propaganda do Reich hitleriano. Neste momento, así mesmo, ETA acaba de marcar unha nova e tétrica muesca na empuñadura das súas pistolas co asasinato de Jáuregui. Deste xeito, a vida real dun pasado que non debería repetirse e dun presente que emula a aquel pasado xenocida, semella ser unha continuidade dos horrores que a novela de Vargas Llosa ven de ofrecerme transparentes a través das súas magníficas páxinas.

Vargas Llosa construíu unha narración complexa pero doada de seguir por parte do lector, coa mestría e oficio que acumulou dende aquela ‘opera prima’, *La ciudad y los perros*, que tanto enganchara naquel momento (1963) ás xeracións que estudiaban as súas carreiras universitarias. Seguindo a xa nutrida tradición de novelas de tiranos latinoamericanos, Vargas Llosa ponnos ao descuberto agora a figura do terríbel dictador Trujillo e da súa contorna de aduladores e galopíns de moitas estrelas, que, se non fosen encarnación absolutamente verídica de todos os refinamentos da maldade, case resultaría manifestación expresionista e hiperbólica do máis radical dos esperpentos valleinclinianos. O escritor documentouse sen dúbida abundantemente para penetrar nos enguedellados mecanismos do poder de Trujillo, dende que este asentara no cumio da República Dominicana en 1930 até a súa morte violenta en 1961, e nos transmite moitas cousas que xa sabiamos, cando menos de oídas ou a través da literatura e dos ensaios testemuñais, acerca das prácticas dictatoriais: dende a corrupción política e económica na que se sulagan os reximes totalitarios de calquera signo, até as escalofrantes masacres, desaparicións (ás veces tan crueis como as que protagonizaron os tiburóns do Caribe), torturas e violacións de todo tipo a que foron e son sometidos neles os cidadáns disidentes.

A novela ten como fío conductor a rememoración que leva a cabo trinta e cinco anos despois dos feitos, unha muller, Urania, filla dun colaborador de Trujillo e, como tal, presidente do senado, que fora vilmente desflorada aos catorce anos polo propio ‘Bernefactor’, o *Chivo* Trujillo, a quen o pai da nena non duvidou en lla sacrificar como proba da súa adhesión increbantábel. Pola memoria de Urania, axudada por un narrador omnisciente e por un autor que sabe manexar as diferentes técnicas narrativas da polifonía cunha fluidez absolutamente maxistral, desfilan moitos personaxes e situacións que nos van recompoñendo o que debeu ser un dos treitos máis sanguinarios da historia da humanidade. Pero ademais, Vargas, que viviu moi de preto o mundo da confrontación política, ensínanos a absoluta falta de sentimentos, de sentido da dignidade e da honradez que informan certas prácticas pretendidamente políticas de xentes que só teñen como obxectivo o exercicio máis ruín do poder e o beneficio persoal.

Certamente, Trujillo, resposábel tamén do secuestro e desaparición do republicano español Jesús Galíndez, así mesmo novelado por Vázquez Montalbán, recibiu dalgúns dos seus propios colaboradores a xustiza histórica de ser ametrallado en acto de tiranicidio, pero, cando menos na novela, cómpre anotar outro acto de xustiza

(que non vou revelar) levado a cabo por aquela mociña de catorce anos, sen ela o saber. Un acto de xustiza (¿só na ficción?) que en boa medida resulta ser unha morte simbólica para ese tipo de individuos que poñen sempre as glándulas seminais como principal argumento da súa valentía e lexitimidade.

Recomendada queda, pois, a novela do gran peruano-español. Pero non todas van ser flores, pois, ao meu ver, á novela sóbranlle moitas páxinas e hai ás veces algunhas expresións de dubidosa corrección sintáctica (as trampas dos ‘de que’, por exemplo) e algunhas puntuacións, non só innecesarias senón francamente agramaticais, que, tratándose dun académico da RAE, nunha revisión de estilo feita máis de vagar deberían rectificarse ou desaparecer. Saúdos dende Valencia.